



## Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Como pais/nais ou titores legais de alumnado menor de idade matriculado no presente curso académico na Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía, informámoslos do protocolo que se seguirá en canto ao control de faltas de asistencia do alumnado menor e información de ausencias do profesorado.

### 1. ASISTENCIA E FALTAS DO ALUMNADO

Unha vez iniciadas as actividades lectivas e a partir da finalización do proceso de matrícula, o profesorado do centro procederá a cargar diariamente as faltas de asistencia do alumnado menor de idade na aplicación informática Centrosnet, á que se accede dende a páxina web da E.O.I.

#### **Para acceder a Centrosnet:**

1. Entrar na páxina web da EOI: [www.eoivga.org](http://www.eoivga.org)
2. Clicar no icono Centrosnet á esquerda.
3. Introducir o usuario e contrasinal. O **usuario** é o número de expediente (figura no carné da EOI do alumnado) ou ben a data de nacemento separada con barras (por exemplo: 03/07/1994), e o **contrasinal** é o DNI, sen letra.
4. Clicar na pestana “GENERAL” e “Faltas por Día” no menú despregable.

### 2. AUSENCIA DO PROFESORADO.

A Escola Oficial de Idiomas non dispón de profesorado de garda que se poida facer cargo do alumnado cando o/a profesor/a non pode impartir a súa clase.

A información sobre a ausencia do profesorado está á súa disposición na páxina web da EOI.

Neste caso o pai/nai ou titor comprométese a non enviar ao menor ao centro ata que o/a profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a.

No caso de ausencia non comunicada (imprevista) do profesorado, o pai/nai ou titor/a comprométese ou ben a recoller o seu fillo no centro ou ben a autorizalo a regresar só á súa casa. A escola facilitará o uso do teléfono en caso necesario.



### IMPRESO QUE DEBEN CUBRIR PAIS/NAIS/TITORES DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Don/Dna. \_\_\_\_\_, pai/nai/ titor/a  
do/a alumno/a \_\_\_\_\_, matriculado/a no nivel  
\_\_\_\_\_ do idioma \_\_\_\_\_ os días \_\_\_\_\_ en horario  
\_\_\_\_\_

Número de teléfono do pai/nai/ titor/a \_\_\_\_\_

DECLARO coñecer o protocolo de control de asistencia do alumnado menor a través da páxina web da escola na aplicación *CentrosNet* e comprométome a responsabilizarme do seguimento da asistencia do/a meu/miña fillo/a ás actividades lectivas da E.O.I. de Vilagarcía.

En canto ás ausencias do profesorado, comprométome a consultar a información na páxina web da Escola de Idiomas e a non enviar o/a menor ao meu cargo ao centro ata que o profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a.

No caso de tratarse dunha ausencia imprevista autorizo ao meu fillo/á miña filla a abandonar o centro e regresar ao seu domicilio ou comprométome a recollelo na E.O.I.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**\*Este documento debe ir acompañado de copia do D.N.I. dos pais/nais ou titores do alumnado menor.**

**DIRECTORA DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VILAGARCÍA**